



CIRCULAR INFORMATIVA DO FUNCIONAMENTO DO COMEDOR PARA O CURSO 2017-2018

Seguindo o disposto na instrución 5/2017 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de 30 de maio de 2017, informamos:

Solicitudes:

Pódense recoller no centro e na web do colexio as solicitudes para facer uso do comedor para o curso 2017/18. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia do mesmo ou aquel alumnado que leve escolarizado mais dun ano no colexio.

Documentación que acompaña á solicitude:

1. Autodeclaración (Anexo VI), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano. Non terán que traelo os usuarios con praza no curso 16/17.

Excluídos de presentar a autodeclaración (con acreditación documental):

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

Número de prazas concedidas: 80

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario no curso anterior.
2. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
3. Familia numerosa.
4. Incompatibilidade polo horario laboral.
5. Alumnado que solicita por primeira vez e ten irmáns usuarios no centro.
6. Outro alumnado do centro escolarizado fóra da área de influencia que lle corresponde.

Criterios de desempate (con acreditación documental):

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
2. Alumnado con irmáns/ás usuarios efectivos de comedor no curso anterior.
3. Alumnado con irmáns/ás que solicitan o uso do comedor.
4. Orde alfabética coincidente coa correspondente ao proceso de admisión de alumnado deste ano.

Prazos:

Entrega de solicitudes: do 16 ao 27 de de xuño.

Publicación lista provisional de admitidos: 5 de xullo.

Reclamacións: do 6 ao 11 de xullo inclusive.

Publicación lista definitiva: 15 de xullo

Narón 15 de xuño de 2017

O Director